



MÉRCORES, 3 DE ABRIL DE 2024 MIÉRCOLES, 3 DE ABRIL DE 2024 | BOP NÚMERO 65

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personal

*Convocatoria e bases selección auxiliares policía local 2024*

##### ANUNCIO

**Expediente núm. 2024/E001/000003**

No procedemento de referencia o concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos ditou o Decreto 619/2024, do 27 de marzo (2024/G003/000648) que, na súa parte dispositiva, resolve:

**"1º Efectuar a convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de catro (4) auxiliares de Policía Local (contrato por circunstancias da producción), a xornada completa, por un período de catro meses e dentro do ano natural de 2024.**

**2º Aprobar as bases reguladoras do dito proceso selectivo, que teñen a seguinte redacción:**

**"BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO (4) AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL NO ANO 2024.**

##### 1. Obxecto da convocatoria

É obxecto da convocatoria a contratación en réxime laboral temporal, a través do proceso de selección de oposición libre, de catro (4) auxiliares de Policía Local, que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio aos membros do Corpo da Policía Local durante a tempada de verán no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade e de acordo coa normativa seguinte e concordante:

- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais e a Lei 9/2016, do 8 de xullo, que a modifica.

- Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

- Orde do 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade dos corpos de policías locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, no que non se opoña ao Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.

- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares da policía local.

- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- R. D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

## 2. Modalidade de contratación e duración do contrato

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade contractual prevista pola normativa aplicable no momento de realizar as contratacóns.

A súa duración será de catro (4) meses contados a partir da sinatura do contrato laboral, segundo o calendario de incorporación, en virtude da autorización outorgada polo director xeral de Emerxencias e Interior.

Os contratos serán por xornada semanal a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá, tarde ou noite, durante todos os días da semana, segundo a organización do Servizo, cos descansos semanais que lles correspondan.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ós postos de traballo, por todos os conceptos, son as que figuran no Orzamento Municipal vixente.

## 3. Sistema de selección

Oposición, quenda libre.

## 4. Condicóns das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo, deberán posuírse na data de presentación de solicitudes de participación e manterse ata a toma de posesión os seguintes requisitos:

a) Ter feitos os dezaoito anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

b) Ter a nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, así como tamén as persoas estranxeiras con residencia legal en España, nos termos previstos no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

c) Ter superada a educación secundaria obligatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

d) Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a que pertencía.

e) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

## 5. Publicidade e presentación de solicitudes

As solicitudes serán dirixidas ao Rexistro Xeral do concello no prazo de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do seguinte o da publicación do anuncio da convocatoria e das bases no BOP. A convocatoria e as bases publicaranse tamén de forma íntegra no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico:<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e nun xornal dos de maior tirada de Galicia, sen prexuízo da posibilidade da súa publicación na páxina web municipal.

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente a través da sede electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/gj/>)**, ao abeiro do artigo 6.4.f) do Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez (BOP núm. 44, do 08/03/2021).

A solicitude xenérica para procedementos de persoal atópase no enlace <https://sede.aspontes.org/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeseleciondepersonal>

**Non** se permite a presentación da solicitude de participación en **forma presencial** (no concello, nas oficinas de Correos, a través do sistema SIR de calquera administración...). De efectuarse a través deses medios a solicitude **non será admitida**.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa solicitude achegaranse inescusablemente:

- Escrito -preferentemente no modelo do Anexo II, que se porá ao dispo das persoas interesadas na páxina web e no Rexistro Municipal, se é que non se utiliza o da sede electrónica, igualmente válido- no que se solicite participar no proceso selectivo e ademais se consignen os datos persoais, e se faga constar que se cumplen todos os requisitos para participar esixidos na base núm. 4.

- O DNI, por ambas as dúas caras.

- A titulación a que se refire a base 4.c), por ambas as dúas caras.

· De ser o caso, o diploma acreditativo de ter superado o curso básico para auxiliares da policía local, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública.

· De ser o caso, o certificado ou título acreditativo do nivel de lingua galega CELGA 3.

Non se esixe o pago de **taxas** para participar no proceso selectivo.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 6. Admisión de aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ou a Concellaría-Delegada ditará no prazo máximo dun mes a resolución pola que aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede do Concello <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/tablon/> conferíndose un prazo de dez días hábiles para os efectos de reclamacións nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal; e o lugar, a data e a hora de celebración da primeira proba. No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbese que modificar o lugar, a data ou a hora da primeira proba, publicarase no taboleiro de edictos electrónico do Concello e, áinda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal.

## 7. Órgano de selección

7.1. A designación das persoas integrantes do órganos de selección realizarase de conformidade co establecido no artigo 60 da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais (de Galicia); e no artigo 48 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, para garantir, en todo caso a súa composición paritaria.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órganos convocante cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se realizasen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

7.3. O órganos de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será preceptiva a asistencia das persoas que ostenten a presidencia e maila secretaría do órganos, sexan titulares ou suplentes.

7.4. O órganos de selección resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

7.5. O órganos de selección poderá disponer a incorporación aos seus traballos de persoas con labores de asesoramento para as probas que estime pertinentes, limitándose esas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

7.6. As persoas membros do órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exigido para participar neste proceso selectivo.

7.7. O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente/a: unha persoa coa condición de funcionaria de carreira ou persoal laboral fixo.
- Secretario/a: unha persoa funcionaria de carreira.
- Vogais: tres vogais (persoa funcionario de carreira ou laboral fixo).

Ademais das persoas titulares serán nomeadas as súas suplentes.

## 8. Desenvolvimento das probas e programas

1. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento por orde alfabética e serán excluídas do proceso selectivo aquelas que non comparezan agás os casos debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal. O dito chamamento comezará por aquellas persoas aspirantes cuxo primeiro apellido comece pola letra "H", de acordo coa Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 29, do 09/02/2024), que fai público o resultado do sorteo a que se refire o artigo 9º do Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requisitar en calquera momento das persoas aspirantes a acreditación da súa identidade.

A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello das Pontes e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web municipal.

2. A oposición comprenderá as seguintes probas, citadas pola orde en que se deberán desenvolver:

a) Proba de avaliación de coñecementos. Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos da totalidade do temario.

b) Proba de avaliación de coñecemento da lingua galega. Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar que comprenden, falan e escriben correctamente o galego.

Porén, aquelas persoas que estean en posesión do título Celga 3 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa, estarán exentas da realización desta proba, que se lles dará por superada coa cualificación de apta.

c) Probas de aptitude física. Nestas probas as persoas aspirantes deberán demostrar as súas capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade para as funcións que teñen que desempeñar.

3. A descripción das probas de selección e os temarios para o persoal auxiliar de policía efectúase nas bases específicas da presente convocatoria.

#### **9. Probas selectivas e sistema de puntuación**

Os sistemas de cualificación dos diferentes exercicios da oposición relacionanase nas bases específicas desta convocatoria, así como o número e tipo de probas selectivas.

O tribunal declarará aprobadas a aquellas persoas aspirantes que obtivesen maior puntuación no cómputo global do proceso selectivo non podendo superar en ningún caso o número de persoas aprobadas o de prazas convocadas.

#### **10. Relación de persoas aprobadas**

Unha vez establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborarase unha listaxe baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobadas as persoas que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou mais aspirantes, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recollido no artigo 49 de Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate se resolverá a favor da muller.

b) Menor tempo acadado na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros listos, que se aplicará en función dos tramos de idade e sexo previstos nos baremos correspondentes.

c) En último lugar, o empate dirímírase por sorteo entre as persoas implicadas.

No caso de renuncia, baixa ou calquera outra circunstancia que impedisca que algúna das persoas aprobadas puidese ser contratada ou desempeñar finalmente o traballo de auxiliar de policía local, se podería substituír por algúna das persoas aprobadas que pola orde de puntuación acadada non obtivesen praza, aínda que superasen o proceso selectivo, sempre e cando tivesen superado o curso de formación da AGASP.

#### **11. Curso de formación**

As persoas aspirantes que superasen o proceso de selección deberán superar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) para estes efectos. Aquelas que xa o tivesen superado e obtivesen un certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentas desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 49 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

#### **12. Presentación de documentación e contratación**

As persoas aspirantes seleccionadas deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base cuarta destas bases xerais no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios (electrónico) do Concello.

- Orixinal do seu documento nacional de identidade ou documentación acreditativa equivalente.
- Orixinal da titulación en base á cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumplidos todos os requisitos para a súa expedición. Se estes documentos se expedisen despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberán xustificarse á data na que finalizaron os correspondentes estudos.
- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira, que será expedido polos servizos médicos asociados ao Concello.
- Certificado de antecedentes penais, acreditativo de non ter sido condenado/a por delito doloso.
- Declaración responsable de non estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial, acreditándose mediante unha declaración xurada. Será aplicable, non obstante o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- Declaración xurada de non atoparse incuso/a en ningún dos supostos de incapacidade específica consonte a normativa vixente.
- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- Orixinal da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta con anterioridade). Os orixinais achegaranse para os efectos de compulsa pola Administración convocante.

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, as persoas aspirantes seleccionadas non presentasen a documentación correspondente ou non acreditasen os requisitos esixidos, non poderán ser contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidaxe nas súas solicitude para participar no proceso selectivo.

Cumpridos os anteriores requisitos, serán contratadas mediante a formalización dun contrato laboral temporal as persoas aspirantes propostas, producíndose o seu cesamento polas causas previstas na lexislación vixente na materia. Establecerase un período de proba ao abeiro do disposto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo (ET).

As persoas aspirantes desde a formalización do contrato quedarán obrigadas a utilizar os medios que para o exercicio das súas funcións poña á súa disposición o concello.

O concellos formalizarán a contratación das ditas persoas como auxiliares de policía local, despois de verificar que superaron o curso de formación previsto no artigo 49 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

### 13. Recursos

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo correspondente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas), sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

### 14. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámosselle que os datos facilitados serán obxecto de tratamento polo concello coa finalidade de atender ao desenvolvemento do proceso selectivo e posterior xestión da lista de espera. Ditos datos serán tratados de maneira confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na lei. Comunicámosselle que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos dirixíndose ao concello das Pontes a través da sede electrónica municipal (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/>) ou a través do correo electrónico lopd@aspontes.org.

## BASES ESPECÍFICAS

### Oposición:

#### 1. Probas físicas

As probas físicas cualificaranse como “apto/a/non apto/a”. Para obter a cualificación de “apto/a” as persoas aspirantes deberán acadar as marcas mínimas e non superar as máximas que se establecen para cada proba.

#### Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con solo horizontal e cunha parede vertical e lisa. A persoa aspirante colocarase en posición de partida, de pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado. Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonlllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar. Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo. Permitense dous intentos, sómente ás persoas aspirantes que fagan un nulo no primeiro intento. A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	de 18-36 anos	de 37-48 anos	de 49 anos ou más
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	45 cm

#### Resistencia xeral: carreira de 1. 000 metros lisos

Para realizar esta proba, as persoas aspirantes deberanxe presentar provistas de indumentaria deportiva.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo. A persoas aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase de pé. Só se permite un intento. A persoas aspirante que abandone a carreira quedará excluída da proba non superándoa. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou más
Homes	4'30"	5'00"	5'15"
Mulleres	5'00"	5'30"	5'45"

#### 2. Proba de coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo I. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para non quedar eliminada. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:  $N = (A-F/3)/5$ . Sendo N = nota final da proba; A = preguntas acertadas; F = preguntas erradas ou non respondidas.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación destas bases contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

#### 3. Coñecemento da lingua galega

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega das persoas aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como “Apto/a” ou “Non apto/a”.

De acordo co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta proba será obligatoria e eliminatoria, agás para aquellas persoas opositoras que presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada (no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate deste) de ter superados os estudos conducentes á obtención da acreditación de coñecemento do nivel da lingua galega CELGA 3, expedido por un organismo oficial para o efecto, ou título acreditativo expedido pola entidade académica para tal fin.

**ANEXO I. TEMARIO**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Pessoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obligatorio.
12. A Policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do Auxiliar de Policía.

**ANEXO II****CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ**

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL).

**I.- DATOS DA PRAZA/CATEGORÍA:**

Denominación: Auxiliar de policía local. Publicación convocatoria: BOP.....

**II.- DATOS PERSOAIS**

D/a....., con DNI número .....

teléfono ..... correo electrónico .....

e domicilio para os efectos de notificacións en .....

CP: .....

**EXPOÑO:**

1º) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, cuxas bases acepto. (Base núm. 4)

2º) Achecho copia do título esixido e do DNI (de presentación obligatoria)

3º) A titulación esixida a que se refire a base 4.c) (de presentación obligatoria)

4º) Achecho documento acreditativo de posuír o CELGA 3 ou equivalente (poñer SI ou NON):

5º) Achecho diploma acreditativo de ter superado o curso básico para auxiliares da policía local, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública (poñer SI ou NON):

6º) Que me comprometo, no caso de ser chamado/a dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e, ou subscribir o contrato, de ser o caso, así como cumplir os demais requisitos esixidos nas citadas bases.

**SOLICITO:**

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

As Pontes de García Rodríguez, ..... de ..... de 2024

(Asdo.)

O concello infórmalle que os datos de carácter persoal que se lle requieren neste modelo ou impreso de solicitude serán tratados por esta entidade local co obxecto da tramitación do proceso selectivo e a xestión da lista de espera ou bolsa de traballo resultante. A licitude do tratamento está baseada no artigo 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (no sucesivo, Regulamento xeral de protección de datos; en siglas RXPD): tratamento necesario para o cumprimento dunha unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Non están previstas comunicacións de datos a terceiros agás obrigación legal, nin están previstas transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumplir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación e portabilidade, cando procedan, ante o Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal,s/n, C.P 15320 – As Pontes de García Rodríguez – A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de datos ou a través da sede electrónica <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>.

Así mesmo poderá poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos a través do correo electrónico: lopd@aspontes.org Se no exercicio dos seus dereitos a persoa denunciante non foi debidamente atendida poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ"

3º) Publicar a convocatoria e as súas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios electrónico municipal (taboleiro electrónico):

<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>, e na páxina web municipal."

As Pontes de García Rodríguez, 27 de marzo de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román